XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

INSTRUCCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO AOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO NA ESPECIALIDADE DE INTERIORES PARA O CURSO 2017-18.

O Decreto 172/2015, do 29 de outubro, establece a proba específica de acceso ás ensinanzas artísticas superiores de Deseño.

A Resolución do 4 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación,Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Deseño para o curso 2017/18, contempla no seu apartado Décimo.5 a posibilidade de que no caso de quedaren prazas vacantes, a comisión de admisión establecerá un calendario de probas extraordinarias na primeira quincena de setembro e fará públicas as vacantes nas distintas especialidades no taboleiro de anuncios dos centros e nas súas páxinas web. Estas probas realizaranse de acordo co establecido nesta resolución.

Unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula para os aspirantes que superaron o proceso de acceso e admisión ás ensinanzas superiores de Deseño para o vindeiro ano académico 2017-18, constátase a existencia de prazas vacantes para cursar a especialidade de Interiores na Escola de Arte e Superior de Deseño “Ramón Falcón” de Lugo.

Tendo en conta o exposto, compre establecer un novo proceso de acceso e admisión a estas ensinanzas e para este centro, polo que esta Dirección **RESOLVE** autorizar a realización de probas específicas de acceso á os Estudos Superiores de Deseño na especialidade de Interiores, en convocatoria extraordinaria, que se levarán a cabo na primeira e segunda semanas do mes de setembro de 2017.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na Resolución do 4 de maio de 2017 citada, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polo tribunal e segundo o calendario que se indican no anexo a esta instrución.

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2017

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Manuel Corredoira López

Sr./a. Directores/a das Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

ANEXO

Calendario:

Inscrición para as probas:
A inscrición para a realización das probas de acceso realizarase na secretaria da EASD "Ramón Falcón" de Lugo, na especialidade de Interiores.
Prazo de inscrición:
Dende o día da recepción desta instrución ata o día 8 de setembro de 2017.
Publicación de inscritos/as na páxina web da EASD "Ramón Falcón" de Lugo:
Día 11 de setembro de 2017.
Realización da proba específica:
Día 14 de setembro de 2017, na Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) "Ramón Falcón" de Lugo, segundo o seguinte horario:

- **1ª parte: das 11.00 ás 13.00 horas.**

- **2ª parte: das 16.00 ás 20.00 horas.**
  -1º Exercicio: das 16 ás 18 horas.
  - 2º Exercicio: das 18 ás 20 horas.

A EASD "Ramón Falcón" organizarán a distribución horaria e de espazos de ocupación do tribunal que actúe nela.
Publicación de cualificacións provisionais na páxina web da Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) "Ramón Falcón" de Lugo:
Día 15 de setembro de 2017.
Publicación das cualificacións definitivas e asignación de prazas nas páxinas web da EASD "Ramón Falcón" e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
Día 19 de setembro de 2017.
Matrícula:
Días 20 e 21 de setembro de 2017.

Tribunais:

Tribunal encargado da organización, realización e cualificación das probas específicas de acceso aos estudos superiores de Deseño na especialidade de Interiores , que actuará na EASD "Ramón Falcón", de Lugo:

Tribunal :	
Presidenta:	Dna. Esther Muñoz Mella
Vogal 1ª	D. Ramón Cabarcos Rodríguez
Vogal 2ª	D. Pablo Ferreiro Mazón
Vogal 3º	D. José Luís García-Boente Carro
Vogal 4ª	Dna. María del Carmen Fernández Rodríguez

As suplencias dos membros do tribunal que, por causa debidamente xustificada se poidan producir, serán ordeadas pola presidenta do mesmo, na súa dobre condición de Directora da EASD e presidenta do tribunal, entre o persoal docente con destino na EASD "Ramón Falcón" de Lugo.